

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 29 DE XANEIRO DE 2007

### 2.- Solicitudes de licenzas de obras.

#### FAVORABLES.-

**288/06.- Asociación "Fonte da Virxe" de Familiares e Amigos.-** Construcción de centro ocupacional e licenza de apertura (Lap/207/06) no Lugar de A Barcia núm.18-21.-

**822/06.- Hermenegildo Villar Montes e Outra.-** Legaliz. modificacións executadas na obra de rehabilitación da edificación sita na R/ Pombal núm.14-15.-

**2330/06.-Emprosal 16, S.A.-** Lernaliz.modificacións executadas nas 8 vivendas unifamiliares encostadas realizadas no Lugar de Vilastrexe.-

**1218/06.-Tolroga, S.L.-** Nave Industrial, sen uso, na parcela B-39 do SUNP-34 de Boisaca.-

**937/06.- Faprape, S.L.-** Edificación (18 Viv. e 10 unidades de residencial comunitario) nas parcelas M11B1 e M11B2, do SUP-6 de Sta Marta.-

**52/05.- José Budiño Fernández.-** Modificación de licenza para construción de viv.unif. na Rúa Churruchaos, Rocha Vella.-

**2129/04.- Manuel Martínez Raíces.-** Reconstrucción de viv. unif. na Cruxeira núm.29.-

**1670/06.- Jesús López Guerra.-** Viv.unif. na parcela 1 de parcelación autorizada en Carlexo, Vilvestro.-

**1671/06.- Jesús López Guerra.-** Viv.unif. na parcela 2 de parcelación autorizada en Carlexo, Vilvestro.-

**1731/06.-Samipark, S.L.-** Nave industrial, sen uso, na parcela 59 do Polígono Industrial de Costa Vella, Sector 1º do SUNP-37.-

**571/06.- Construcciones y Promociones Seralu, S.L.-** Viv.unif. no Lugar de A Cruxeira, na parcela 3 de parcelación autorizada.-

**1730/06.- Lucio Angel Rarís García.-** Nave industrial en Boisaca, Meixonfrío.-

#### PRÓRROGA.-

**2401/06.- Carolina Suárez Lobato.-** Viv.unif. en Codesedas (+).-

#### SUBSANACIÓN ERRO X.G.L. DE DATA 11-12-06

**Lap/18/05.- Andrés García Novo.-** Obras de acondicionamento no Cantón do Toural núm.4.-

#### DEVOLUCIÓN FIANZAS.-

**34/07.-José Otero, S.A.-** .....Expte.....62/05.....20.000 €-

**2360/06.- Carmen Jiménez Gigirey.-**.....Expte...206/04.....2.000 €-

#### APERTURAS.-

**Lap/290/06.- Rafael Ferreiro Lodeiro.-** Funcionamento de garaxe en Pontepedriña SUP-3, Mazá 4

**Lap/375/06.- Gazafello, S.C.-** Apertura de ludoteca en R/ Torreira núm.23-25.-

### 6.- Propostas do concelleiro delegado de Infraestruturas relativas á responsabilidade patrimonial de diversas concesionarias.

Apróbese a declaración de responsabilidade patrimonial de Aquagest e Cespa por denuncias de danos en vehículos

### 7.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á toma en consideración do convenio de colaboración entre o Concello e a Xunta de Galicia para a reforma do IES "EDUARDO PONDAL".

Apróbese a proposta de convenio.

**8.- Ratificación da cesión da praza de aparcamento nº 24 do aparcadoiro Ponte Castro-A Rosa.**

Ratifícase a cesión da devandita praza.

**9-18.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a beneficios fiscais e exencións en varios impostos.**

Concédense bonificacións en varios impostos, como o Imposto de Bens Inmóbeles, Imposto de vehículos de tracción mecánica e taxas de subministro de auga e recollida de lixo.

**19.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao pagamento de cotización das subvencións por estudos e gardería aboadas ao persoal municipal durante 2003 a 2006.**

Apróbase o pagamento, por un importe de 28.060,07 euros.

**20.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación do programa dos concertos didácticos de música tradicional nos centros escolares.**

Apróbase o programa dos devanditos concertos, cun orzamento de 12.000 euros.

**21.- Proposta da concelleira delegada de Persoal e Réxime Interior, relativa á aprobación do plan de formación continua do Concello para o ano 2007.**

Apróbase o devandito plan, cun orzamento total de 118.680 euros.

**22.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á contratación por un ano e á adxudicación do servizo de mantemento e aloxamento dos servidores que dan soporte ao portal web do Concello.**

Apróbase a contratación por un ano do servizo de mantemento e aloxamento dos servidores que dan soporte ao portal web municipal, e a súa adxudicación á empresa R, por un importe total de 11.640 euros.

**23.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras de Limpeza de cunetas e desbroce en parroquias do Sector Sur (xaneiro 2007).**

Apróbase o devandito proxecto por un importe de 59.858,04 euros, e cun prazo de execución das obras de seis meses, así como o inicio do expediente para a súa licitación e o prego de condicións.

**24.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras de mantemento e conservación de beirarrúas na zona de Sar.**

Apróbase o devandito proxecto por un importe de 60.000 euros, así coma o inicio do expediente para a súa licitación e o prego de condición.

**25.- Aprobación do proxecto e inicio de contratación do Servizo de desenvolvemento de actividades de Educación Ambiental nos Centros Socioculturais do Ensanche e Fontiñas entre febreiro e xuño de 2007.**

Apróbase o proxecto e o inicio de contratación do devandito servizo, por un importe de 11.310 euros.

**26.- Aprobación da contratación do Servizo de consulta de bases de datos Wolters Kluwer de información xurídica accesible vía Internet.**

Apróbase a contratación por un ano do servizo de consulta de bases de datos Wolters Kluwer de información xurídica accesible vía Internet, en substitución do servizo de subministro de base de datos en formato DVD que se viña recibindo no Concello, por un importe de 6.087 euros.

**29.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación dunha Asistencia técnica para a redacción dun Plan Especial de equipamentos que permita a execución dun polideportivo cuberto a carón do CEIP Rodríguez-Xixirei.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente de contratación (dunha asistencia técnica para a redacción dun Plan Especial de equipamentos que permita a execución dun polideportivo cuberto a carón do CEIP Rodríguez Xixirei), cun tipo de licitación de 19.720 euros.

**31.- Aprobación do orzamento para a Campaña de Educación Ambiental nos centros de ensino durante o ano 2007.**

Apróbase o orzamento para a devandita campaña, que se realiza en colaboración con ADEGA, por un importe de 8.838,74 euros.

**32.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras de substitución da rede de Abastecemento na Avenida de CASTELAO.**

Apróbase o proxecto por un importe de 262.923,20 euros, e cun prazo de execución das obras de catro meses, así como o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente de contratación.

**33.- Aprobación da contratación do servizo de mantemento e reparación de vehículos municipais.**

Apróbase a contratación do devandito servizo, por un importe de 12.000 euros.

**34.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á aprobación da campaña de presentación á cidadanía das novas oficinas e servizos ao público do devandito departamento.**

Apróbase a realización da devandita campaña, cun custo de 24.300 euros.

**35.- Reclamacións á aprobación inicial e rectificación de erro material do orzamento xeral para 2007.**

Rexéitase a reclamación formulada e procédese á rectificación do erro material.

**36.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico relativa á aprobación de axudas para mantemento de edificios (Expedientes: ME-12, ME-28, ME-13 e ME-15).**

Apróbanse axudas para obras en catro edificios.

**37.- Resolución dos recursos de reposición interpostos contra o acordo de aprobación definitiva dos Estatutos e Bases de actuación da xunta de Compensación do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25) de Roxos.**

Acórdase rexeitar os recursos interpostos.

**38.- Proposta do alcalde relativa á aprobación definitiva do proxecto de urbanización da unidade de xestión número 15 (UX-15) de Picaños.**

Apróbase definitivamente o proxecto de urbanización da unidade de xestión número 15 (UX-15) de Picaños, formulado pola Xunta de Compensación, sen modificacións respecto do aprobado inicialmente.

**39.- Proposta do alcalde relativa a resolución do expediente complementario ou incidental do Proxecto de compensación do polígono 2 do SUP-2 (Cornes) en relación co contrato de arrendamento do local número 17 da rúa de Cornes.**

Acórdase a extinción do contrato de arrendamento do local número 17 da rúa de Cornes, e fixar unha indemnización ao seu titular, que será aboada pola Xunta de Compensación.

**40.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación dunha subvención ao club Instituto Rosalía de Castro para a COPA ADECCO LEB 2007.**

Autorízase a concesión dunha subvención, por importe de 30.000 euros.

**41.- Dar conta da sinatura do convenio de cooperación asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP, relativo a unha liña de financiamento para o mantemento de servizos lingüísticos municipais.**

Dáse conta da sinatura do devandito convenio.